1. COMENTARIO DE TEXTO: O SEXENIO REVOLUCINARIO

" Pontevedreses: O movemento iniciado en Cádiz pola valorosa Escuadra nacional, e secundada en grande parte polo Exército e polo pobo, hoxe tomou posesión maxestuosamente da até aquí abatida nación española. Galicia que dende os primeiros momentos secundou o berro de liberdade, e veu o valoroso pobo de Ferrol primeiro e despois ás demais poboacións responder unanimemente a esta heroica loita, ten hoxe tamén a gloria de que Pontevedra se adherise ao alzamento nacional.
Reunido na tarde de hoxe o pobo liberal, nomeou a Xunta que debe pórse á fronte do goberno desta cidade (...) e constituiranse nela as autoridades que simbolicen os principios e a reforma que proclamou a revolución actualmente triunfante en todas as partes.
Estes principios, que con todo entusiasmos acollemos, reducen o sufrimento universal (...).
Pontevedreses: Viva a soberanía nacional! Viva a liberdade! Viva a Mariña española! Viva o exército liberal!

Proclama da Xunta Revolucionaria de Pontevedra, 1868.

GUÍA DO COMENTARIO:

1. Ponlle un título a este texto.
2. Busca as ideas fundamentais do texto.
3. Contextualiza o texto no seu momento histórico.
4. Relaciona o que se expón no texto evolución política da España do s. XIX.